



**Asistentes:**

Alcalde, Fernando Pérez Fernández

Concelleiros/as:

**PP:**

Esther Bergantiños García.  
Emilio Mahía Neira  
Martín Gómez Vazquez  
Juan Carlos Gundín Fontecoba

**BNG:**

Álvaro X.García Freire  
Javier Suarez Sanchez  
Hortensia Vázquez Gómez

Secretaria:

Minia Astray Barca

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O  
XOVES DIA 21 DE XULLO DE 2025.

- Na casa do concello de Vilasantar, sendo as  
21:00 horas do día baixo a presidencia do Sr.  
Alcalde, reúnen-se os concelleiros/as que no marxe  
se indican co obxecto de celebrar sesión ordinaria  
do Pleno da corporación. A Continuación pasouse o  
estudo da orde do día, adoptándose sobre os  
asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o  
Alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procedese a tratar os asuntos incluídos na  
Orde do Día :

Primeiro. Aprobación acta da sesión anterior.

Segundo. Dación de contas dos Decretos de Alcaldía.

Terceiro. Aprobación do Orzamento municipal do Concello de Vilasantar para o ano  
2025.

Cuarto. Aprobación do Plan económico-financeiro 2025-2026 do Concello de Vilasantar.

Quinto. Aprobación calendario festivos locais 2026.

Sexto. Modificación horario sesións ordinarias do Pleno da Corporación.

Sétimo. Mocións.

Oitavo. Rogos e preguntas.

**PRIMEIRO.-APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

*Non consta acta para aprobación.*

## **SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.**

Sendo un total de 93 Decretos que van dende o 08/05/2025 ata o 16/07/2025 e dando traslado de todos eles en tempo e forma.

## **TERCEIRO.- APROBACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILASANTAR PARA O ANO 2025.**

### **DEBATE**

Indica o Sr. Alcalde que este Orzamento configurase como a previsión de gastos e a estimación de ingresos previstos, baseado na necesidade de atender á demanda dos servizos básicos municipais que precisa a cidadanía do Concello de Vilasantar así como levar a cabo unha recuperación da situación actual do Concello. Preténdese reflectir a realidade do Concello así como as primeiras medidas para dar unha solución á situación económica na que se atopa actualmente o mesmo. Todo isto mediante unha considerable redución dos gastos e mediante o establecemento de procedementos que permitan un maior control deste.

O orzamento do Concello de Vilasantar ascende a 1.991.204,82 euros no estado de gastos e a 1.997.403,99 euros no estado de ingresos, presenta unha diminución no estado de gastos precisa para dar unha solución ao estado actual do concello e no estado de ingresos se presenta unha minoración en base aos resultados dos exercicios anteriores. Como vos comentaba o estado de ingresos do orzamento do ano 2022 que foi prorrogado para os anos 2023 e 2024 era un orzamento totalmente inflado nos ingresos nunha cantidade 800.000 euros. Cos datos anteriormente indicados o orzamento vai a presentar un superávit de case 6.200 euros.

En gastos, falaremos en primeiro lugar do Capítulo 1 que o principal que imos facer é adecuarnos á realidade do Concello a cal non estaba reflectida no orzamento do ano 2022. O importe global do Capítulo 1 ascende a 1.090.664,14 euros, cando os orzamentos eran realistas no Concello de Vilasantar partiamos dun orzamento de sobre 700.000 e pouco mil euros e isto indica a boa saúde do Capítulo 1 a nivel actual. Esta cantidade é unha cantidade importante e é o 54,77% do total do Orzamento. Inclúese nos gastos de persoal a suba do 0,5%. É preciso ter en consideración varias cuestións neste capítulo; en primeiro lugar que o persoal funcionario orzamentase unha praza de persoal interino vinculada a un programa de traballado que non se atopaba orzamentada no anterior orzamento; no segundo lugar que tralo proceso de estabilización que tivo lugar no concello os orzamento dos anos anteriores non se axustaban á realidade, xa que, o proceso de estabilización foi posterior á aprobación do último orzamento contando o orzamento de Vilasantar cun total de 3 prazas de funcionario, 24 de persoal fixo e 5 prazas laboral temporal. É importante ter en consideración que á hora de

orzarmentar o presente Capítulo é necesario citar á aprobación do Convenio Colectivo do persoal laboral no Concello de Vilasantar que entrou en vigor no ano 2022 e que principalmente é a suba considerable de este Capítulo. En resumo, fíxose unha adecuación orzarmentaria á realidade actual do Concello de Vilasantar.

Con relación ao Capítulo 2, gastos correntes, o que se pretende orzarmentar son aqueles servizos que se realizaron e que consta factura no concello e quedaron pendentes de asignación orzarmentaria no ano 2024 así como que única e exclusivamente se orzarmentan os gastos que poden ser xustificados como gasto corrente así como os que se consideran imprescindibles para o desenrolo dos servizos de carácter esencial e que non se poden incluír no gasto corrente do POS 2025. O total dos créditos consignados poden considerarse suficientes para atender ás obrigas dos servizos mínimos existentes no concello e debe terse en consideración o esforzo con relación á redución do gasto de xeito xeneralizado para poder reconducir a situación do concello, o importe deste capítulo é importante e ascende a 748.700 euros e supón un 37,60% do orzarmento municipal.

Os gastos financeiros refírense á consignación de gastos de intereses de gastos de préstamos concertados coa entidade e impútanse intereses de anos anterior e que ascende a 29.887,18 euros e que supón o 1,50% do orzarmento.

No capítulo 4 de transferencias de capital establécense as referidas emerxencias sociais que se poidan dar no Concello por ser estar totalmente necesarias para a veciñanza e para dar unha cobertura mínima ás necesidades da poboación que máis o precisan. A cantidade orzarmentada no presente capítulo ascende a 8.000 euros o que representa o 0,40% do orzarmento.

Con relación ao capítulo 6, inversións reais, consignase para o ano 2025 por importe de 80.603,99 euros con recursos propios e que xa se atopan comprometidos, supoñen un 4,05% do total do orzarmento e debemos ter en consideración con relación ao resto de inversións que se realizan no concello son subvencionadas ao 100%, polo tanto, nos teñen achega municipal e polas que xa se realizou a xeración de crédito correspondente polo que non se reflicte no orzarmento municipal. Non quere dicir que non se vaian a facer obras no concello de Vilasantar, o que pasa é que moitas delas non están no orzarmento. Procede o alcalde a dar aos concelleiros/as unha relación das obras coas correspondentes xeracións de crédito xa realizadas.

Con relación ao Capítulo 9 por amortización de préstamos así como aqueles que quedaron pendentes de aplicación de exercicios anteriores por non ter cobertura no anterior e supón un 1,68% do orzarmento.

Finalizada a explicación do estado de gasto procédese á explicación do estado de ingresos. Con relación ao os impostos directos, correspondentes ao IBI, IAE e IVTM e que supón o 14,27% e ascende a 284.000 euros. O Capítulo 2 de impostos indirectos, que consiste no ICIO que ascende a 42.500 euros e é importante resaltar a dificultade de orzamentar este capítulo ao depender na concesión de obras maiores que son escasas neste concello representa o 2,13% do orzamento municipal. Con relación ao Capítulo 3, taxas, prezos públicos e outros ingresos no que se inclúe o abastecemento de auga, o lixo, o que se cobra por axuda a domicilio e outro tipo de ingresos. Temos ingresos no presente capítulo por importe de 243.000 euros o que representa un 12,16% do orzamento municipal. Con relación ao Capítulo 4, indicar que é o máis elevado, e son transferencias correntes que se dividen en dous grandes apartados; dun lado aos ingresos non finalistas que son a participación nos tributos do estado e o fondo de cooperación local para os cales partimos dos datos mencionados no 2024 o segundo corresponde a ingresos finalistas, é dicir, a subvencións e orzamentase o montante para gasto corrente dada a situación do concello do POS 2025, xa concedido. A suma ascende a 1.394.000 euros e que supón o 69,89% do orzamento de ingresos e sendo un incremento cos orzamentos anteriores. Con relación ao Capítulo 7 ascende a un total de 33.000 euros o que supón o 1,67% do orzamento de ingresos.

A nosa intención é elevar ao Pleno o proxecto do orzamento municipal do ano 2025 co importe de 1.991.204,82 euros no estado de gastos e 1.997.403,99 euros no estado de ingresos e que se inclúe co mesmo toda a documentación que debe acompañar ao orzamento municipal, incluíndo tódolos anexos.

Toma a palabra o voceiro do BNG, o Sr. García, para indicar que quería agradecerlle á secretaria así como ao resto do persoal do Concello que traballou para a elaboración deste orzamento e poñer en orde as finanzas municipais. Os orzamentos do concello de Vilasantar para o ano 2025 representa un esforzo realista e equilibrado, con algunhas dúbidas, pero cremos que existen medidas para garantir a viabilidade financeira no municipio. Temos por primeira vez un orzamento crible con datos próximos no que aparece a realidade económica do concello e un orzamento que nada ten que ver co do ano 2022, que aínda está vixente. No ano 2022 presentouse un orzamento que se demostrou que era irreal cuns ingresos de 2.790.000 euros e especialmente rechamante era o capítulo 3 que se orzamentaron en máis de 1.000.000 de euros e que quedaron sen recadar 850.000 euros, un desfase de máis do 80% o que da idea de como se moveu o concello nestes anos. Cunha absoluta falta de planificación. Agora partimos cun déficit de 682.187,90 euros e un recoñecemento extraxudicial de crédito de 299.364 euros que incorporaremos ao orzamento deste ano.

En canto aos ingresos si que vemos algunha cousa na que non estamos de acordo, o ano pasado recadamos polo IBI de rústica e urbana e polo IVTM 148.000 euros e orzamentamos 255.000 euros. Pero no servizo de abastecemento de auga e recollida de lixo e

outras taxas por prestación de servizos básicos recadamos 62.515 euros e orzamentamos 135.000 euros, é dicir, pensamos que temos un orzamento que non imos a cumprir a pesar de que vai ser moitísimo máis aproximado que o orzamento que manexábamos ata agora.

A partida do persoal que é a máis importante do 54% tamén é fundamental unha axeitada xestión dos recursos humanos por parte do goberno, se non temos xestión podemos ter os traballadores que teñamos que non vai funcionar. En gastos correntes aparece un axuste para cubrir os gastos de exercicios anteriores pero dubidamos que as partidas cheguen dado o grado de insolvencia que acadou o noso concello. En transferencias de capital elimínase as subvencións e só mantemos 8.000 euros en emerxencia social, unha cifra moi pequena. Con relación ao s investimentos pensabamos que quedabas 33.000 euros pero nin sequera porque se atopa todo comprometido, polo que precisabamos unha partida máis acorde coa realidade de como temos as cousas. En gasto financeiro si que unha pequena cantidade e de todas formas facemos unha comparativa cos concellos de 1.500 habitantes da nosa comarca e da de Betanzos somos dos concellos que máis pagamos. E despois nós incumprimos sistematicamente a estabilidade orzamentaria e regra de gasto e evidencia unha absoluta falta de control pola parte política que leva a cabo gastos sen cobertura orzamentaria.

Continua o Sr. Garcia indicando que o remanente de tesourería para o ano 2024 foi de - 1.158.000 euros polo que segundo a normativa precisábamos adoptar algunhas das medidas das recollidas no RD Legislativo 2/2004, a redución de gasto pola contía igual cousa que non se fai, acudir ao concerto dunha operación de crédito cousa que non podemos. A pregunta que nos facemos é que ocasiona o non cumprimento desta regra, é dicir, podemos ter algún tipo de sanción. Despois consideramos que o orzamento de Vilasantar o que reflicte é unha xestión desastrosa que compromete gravemente ao Concello e ao benestar dos veciños. A situación económica débese a unha falta de planificación e control por parte do goberno municipal. Votamos en falta un informe do que supón só acertar subvención ao 100% e que subvencións imos perder.

Na intervención do Alcalde votamos en falta que non se asuma ningún tipo de responsabilidade pola situación na que se atopa o Concello, que está nunha situación de quebra e o lóxico é que o Alcalde e o grupo de goberno asuma a culpa porque sodes os únicos responsables de que chegamos a esta situación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica que certo é que o orzamento do ano 2022 estaba inflado pero certo é que os anteriores estaban como está este, polo que o que afirmas non é certo ao que o Sr. García indica de que nunca se chegou a esta situación. Continúa o Sr. Alcalde indicando que dende o ano 2011 que gobernan só no ano 2012 houbo que aprobar un plan económico-financiero e non é certo que sempre incumprimos as regras fiscais senón que só dende 2022. Coincide no ano 2022 que na Secretaría hai unha persoa que fai o orzamento á

súa maneira e informa favorablemente e nós o votamos a favor. Inflúe moito o gran incremento do Capítulo 1 e lévoa dicíndoo moito tempo e estamos a falar cerca de 400.000 euros a maiores independentemente tamén do gran incremento do custo do SAF provocado polo número elevado de baixas que temos que nos obriga a pagar á xente que está de baixa e á empresa cunha cantidade moi importante de diñeiro. Metímonos a moitas subvencións que non estaban ao 100%, vamos a perder subvencións? Como sempre perdemos subvencións. Houbo unha época que nos presentabamos a todas agora escollemos e se non son ao 100% buscamos o financiamento ou asinamos algún convenio. O que estamos a facer é intentar reconducir a situación e por iso presentamos este orzamento, coa situación que é a que é. Para atrás nos imos mirar só imos mirar para diante.

Con relación ás facturas pendentes, certo é que hai facturas pendentes e pouco a pouco as estamos pagando cando podemos e como podemos, porque hai que ir pagando ás novas facturas e as vellas. Certo é que intentamos adherirnos ao pago voluntario de pago a provedores e o falamos entre nós e non somos o único concello que estamos en voluntaria e non en obrigatoria, o noso concello non está en quebra nin vai a estar. Nós non estamos intervidos nin o imos a estar. Entón poderíase haber pagado a eses provedores pagando durante eses 15 anos tódolos meses 9.000 euros que dende o meu punto de vista podíase afrontar mentres que outros membros do grupo de goberno decidiron que non e valorámolo e se non aceptamos todos non nos adherimos. Pouco a pouco imos pagando as facturas que podemos. Certo é que estamos controlando o gasto e temos que mirar para diante.

O Sr. García indica que se volve ao de sempre que o Sr. Alcalde non asume responsabilidade algunha e a culpa é da secretaria, a culpa é do que gasta os cartos e despois, cando falas do convenio colectivo, indica o Sr. Alcalde que non lle vota a culpa senón que supuxo un aumento no Capítulo 1. Continua o Sr. García indicando que estivo escoitando a gravación na que ti nos comentabas e o diñeiro que representaba dixeches “o custe aproximado coa Seguridade Social e os trienios ronda os 60.000 euros” ao que responde o Sr. Alcalde que iso é o que lle dixo a secretaria-interventora ao que o Sr. García responde que o Sr. Alcalde non votou ben as contas. Ese convenio foi informado por unha persoa que leva a secretaría-intervención e dixo que no seu momento era desa cantidade cousa que non foi así. Indica o Sr. García que a secretaria terá a súa responsabilidade e o grupo de goberno terá outras que solo fastidiaría que automaticamente sexa da secretaria. O grupo de goberno terá que ter unha responsabilidade e a responsabilidade é o control.

Pregunta o Sr. Alcalde ao Sr. García en que pensa el que se gastou de máis ao que responde o Sr. García que para eso tería que coller o orzamento e facer unha análise e responde o Sr. Alcalde en que pensa que se gastou de máis, ao que o Sr. García resposta que en moitas bobadas. Responde o Sr. García que non vai a entrar niso pero que si que lle di que para nós o tecido asociativo que lle suspendas as subvencións é un problema ao que o Sr.

Alcalde indica que comparte o que se indica pero que quere matizar que as subvencións a ANPA e ao equipo de fútbol creouas este equipo de goberno como subvencións nominativas. Chegado este momento as subvencións nominativas non son obrigatorias, pódense dar ou non, nós seguimos colaborando con ambas e o fútbol agora tivo que votar o céspede e abono e fixemos un esforzo e presentamos unha estimación de gasto de 1.300 euros coa condición de que fixeran eles o traballo e gastamos eses cartos alí e estamos amañando as cousas que se estropean alí e o servizo de limpeza alí sempre que non o fan moitos e cortamos a herba tódolos venres e, polo tanto, seguimos colaborando con eles. Coa ANPA seguimos colaborando con actividades extraescolares que están valoradas en 5.000 euros e por outro lado as asociacións de veciños tiñan unha subvención non a teñen pero é certo que non tódolos concellos dan esas subvencións e concellos do teu partido. Volveremos a dar esas subvencións nalgún momento ao mellor nesas contías pero si contías. Con relación á emerxencia social é unha contía estimada por parte dos servizos sociais do Concello. Tras as intervencións existe un debate entre os concelleiros e o Sr. Alcalde sobre as actividades que realiza o concello no campo de fútbol.

## **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral, para o exercicio económico 2025, xunto coas súas Bases de execución.

**SEGUNDO.-** Aprobar a plantilla de persoal da Corporación para o ano 2025.

**TERCEIRO.** Expor ao público o Orzamento Xeral aprobado, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios da entidade, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**CUARTO.** Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

**QUINTO.** Remitir copia á Administración do Estado, así como, ao órgano de goberno da Comunidade Autónoma

## **VOTACIÓN**

- PP (5) votos a favor.
- BNG (3) votos en contra.

**CUARTO.- APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2025-2026 DO CONCELLO DE VILASANTAR.**

## DEBATE

O Sr. Alcalde indica que acabamos de aprobar inicialmente o orzamento cuestión que era necesaria e despois temos outra obriga que é a aprobación do plan económico-financeiro que unha vez eliminada a suspensión das regras fiscais é de obrigado cumprimento, por conta dos incumprimentos da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto. Permitirá que no ano 2025-2026 o cumprimento de ditos obxectivos. Este plan económico ten unha serie de medidas que en conxunto reducen o gasto e incrementan o ingreso. Como algunhas medidas son a redución do capítulo 1 así como a redución das transferencias de capital, medidas de redución de inversións reais e só as proxectadas ao 100%, medidas como a subida da taxa de lixo e a subida da taxa da auga sendo un servizo deficitario e estes son deficitarios e actualización de taxas e prezos públicos.

A medida fundamental é o descenso do gasto e a parte o control do mesmo e un incremento de ingresos. As causas do incumprimento atópanse na liquidación do ano 2024 na que se gastou máis do que se ingresou e as causas atópanse no xa citado para o orzamento anterior do ano 2022. Tamén a aprobación do convenio colectivo e que supuxo o aumento do capítulo 1 así como o proceso de estabilización sendo antes os traballadores temporais sendo agora fixos e fai referencia aos diferentes complementos dos diferentes traballadores do Concello.

As proxeccións baséanse na aprobación do orzamento 2025 que dende o noso punto de vista é un orzamento real, a contención do gasto sobre todo no capítulo 2, inversións reais só ao 100% e un maior control nos gastos, a modificación das ordenanzas para incrementar os ingresos de lixo xa que agora mesmo é un servizo deficitario e o mesmo con relación á auga e despois tamén vai a haber un aumento na recadación dos tributos do estado. Este Plan conta xa coa habilitación da comisión de contas da Xunta de Galicia por tutela financeira, que son os encargados da validación do mesmo. Conta con informes favorables e co ditame da Comisión Especial de Contas do Concello.

Toma a palabra o Sr. García que indica que partimos da mesma cuestión que no orzamento, o Plan económico-financeiro do concello de Vilasantar 2025-2026 pretende dar resposta ao incumprimento das regras fiscais no exercicio 2024. O plan parte dunha lectura das causas do déficit responsabilizando exclusivamente ao orzamento aprobado dende o ano 2022 e os custes de persoal derivado do convenio así como da estabilidade no emprego, esta visión oculta as responsabilidades políticas e de xestión económica do concello, a falta de previsión e a utilización sistemática de partidas sen previsión orzamentaria como mostra o uso reiterado da conta 413. Non se recoñece a responsabilidade do goberno local que sendo coñecedor da situación co orzamento prorrogado optaron por non obter un novo en tempo e

forma. O núcleo do Plan baséase na redución do gasto e na suba das taxas, recortamos en persoal que non sabemos se é posible e ao mesmo tempo reducimos a inversión e aparece a suba das taxas e o que nos preguntamos se recadamos 21.000 euros de lixo e polo tanto segundo o Plan duplicarase os recibos. Intervén o Sr. Alcalde para indicar que hai sobre 900 recibos e cada recibo paga 48 euros e polo tanto a conta é bastante sinxela o que sae 40.000 euros e indica que non sabe de ese dato. Indica o Sr. García que podémonos atopar que haxa moita xente que non pague ou que non mandemos tódolos recibos. Faise referencia a que a recadación que se fai e se produce a explicación con relación á mesma. Así como tamén se consulta sobre a agua que é sobre 12.000 euros de recadación e indica o Sr. Alcalde que cree que é algo máis.

Indica o Sr. García que cos datos do orzamento que deberíamos de analizar outras vías de financiamento, volver ao Estado polo procedemento de pago a provedores e facer un análise, ao que o Sr. Alcalde indica que o fixeron no seu momento e que había que facer un plan de axuste que xa estaba feito pero trala reunión do grupo de goberno decidiuse que non. Indica o Sr. García que o Plan económico é intentar cadrar os datos para que cumpra legalmente e anuncio o voto en contra do BNG. Volvemos a repetir o traballo realizado polos funcionarios porque parécenos que é moi importante e que lle adicaron bastante tempo e que está moi ben feito a pesar de que non esteamos de acordo nalgunhas cuestión. Engade o Sr. Alcalde non estou de acordo na redución drástica das inversións, xa que, no documento que se acaba de pasar podedes velo.

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.**- Aprobar o Plan Económico-Financeiro que rexerá para o ano 2025 e 2026, que ten como resultado dar cumprimento aos obxectivos previstos en canto á Estabilidade Orzamentaria e a Regra de Gasto.

**SEGUNDO.**- O documento aprobado deberá ser a incorporado á plataforma do MINHAC, co aplicativo habilitado (PEFEL2), que facilita a súa incorporación dando así cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012 e artigo 116 bis da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

**TERCEIRO.**- Remitir o PEF ao órgano competente da Xunta de Galicia, como órgano de tutela financeira das Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia e á Comisión Nacional de Administración Local.

**CUARTO.**- En cumprimento do artigo 23.4 párrafo in fine da LOEPSF, publíquese a aprobación do PEF no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

### **VOTACIÓN**

- PP (5) votos a favor
- BNG (3) votos en contra.

#### **QUINTO.- APROBACIÓN CALENDARIO FESTIVOS LOCAIS 2026.**

##### **DEBATE**

Expón o Sr. Alcalde os días que se pretenden marcar como festivos locais indicando que os concellos elixen dous días de festivos locais ao ano e indica cales son os festivos marcados pola comunidade autónoma e os nacionais e polo que se elixeron os festivos locais e os que se propoñen. E indica que se hai calquera outra proposta pódese debater e votar.

##### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Fixar como días festivos para o ano 2025 as seguintes datas:

- Martes 17 de febreiro de 2026;
- Venres 24 de xullo de 2026.

**SEGUNDO.-** Comunicar a presente á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para o seu coñecemento e efectos.

##### **VOTACIÓN**

- PP (5) votos a favor
- BNG (3) votos a favor

#### **SEXTO.- MODIFICACIÓN HORARIO SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN.**

##### **DEBATE**

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que o 17/07/2023 publicase no BOP o acordo feito polo Pleno da corporación cando foi o Pleno de organización no que se acordou que os plenos ordinarios terían unha periodicidade bimensual celebrando as sesións o segundo xoves dos meses impares ás 21:00 horas. Traemos hoxe unha posible modificación no horario porque consideramos que deben ser bimensuais igualmente pero por problemas de axenda dalgúns dos concelleiros e concelleiras presentamos o horario ás 10:00 horas.

Indica o Sr. García que o BNG xa se manifestara que o horario non nos parecía porque era moi tarde e, polo tanto, con este horario non temos problema.

## **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** As sesións plenarias ordinarias terán unha periodicidade bimensual, celebrando as sesións o segundo xoves dos meses impares as 10:00 horas. No caso de que o mesmo cadre en festivo, á véspera ou ao día seguinte á mesma hora.

**SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. Alcalde, previa consulta cos voceiros de tódolos grupos municipais, e por razóns debidamente xustificadas, para alterar o horario e as datas establecidas no punto primeiro do presente acordo.

**TERCEIRO.-** As convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias faranse de forma telemática. A estes efectos os concelleiros/as indicarán á Secretaria municipal a dirección electrónica onde desexan recibir as convocatorias.

## **VOTACIÓN**

- PP (5) votos a favor
- BNG (3) votos a favor

## **SÉTIMO.- MOCIÓNS.**

*Non hai mocións no presente pleno.*

## **OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS**

**PREGUNTA 1.** Traemos una vez máis as obras de “Rehabilitación superficial do firme de calzada existente no camiño de acceso a Tamou desde A Fraga” e a obra “Rehabilitación superficial firme de calzada existente no Camiño dende o Vao a Días” Seguimos recibindo como contestación que as obras se van iniciar de forma inmediata e os meses seguen pasando. Cando se ten previsto que a empresa realice as obras? Pensase anular o expediente do contrato e iniciar unha nova contratación?

Responde o Sr. Alcalde que cando se presenta o escrito xa ten rematada a primeira obra, non está recibida e en referencia á de Tamou o contratista desestimou facela presentando escrito oficial o venres desta semana.

**PREGUNTA 2.** Que cantidade nos reclama a empresa Comercializadora Regulada, Gas & Power ? Que cantidade corresponde a cada anualidade? E que importe temos abonado da cantidade reclamada?

Responde o Sr. Alcalde que unha das cuestións de pago a provedores que tiña unha contía importante era con Gas Natural e nesta pregunta teño que dicir que chegaronme hoxe pola mañá e Lourdes está de vacacións e por iso non teño tódolos datos pero si algúns. Os datos que teño son que tiñamos unha débeda con esta empresa sobre 71.000 euros e penso que pagamos unha veza cerca de 7.000, outra vez preto de 9.000, pero teño que dicir que como non me deu tempo de ver todo, 40.000 euros de Fenosa xa se pagaron de anos anteriores e polo menos os 15.000 sin desa denuncia que nos fai Fenosa.

**PREGUNTA 3.** No decreto expediente 2025/G003/000152 procédese a anular os decretos con nº de expediente 2025/G003/000150 e 2025/G003/000150 Cales foron as razóns para proceder a súa anulación?

Responde o Sr. Alcalde indica que se anula por error na relación das facturas e polo tanto volvéronse a facer.

**PREGUNTA 4.** O concello acordou solicitar unha subvención conforme o proxecto de “Melloras e equipamento da rede de abastecemento do Concello de Vilasantar”, por importe de 41.841,68 asumindo o concello o IVE . Se no orzamento que aprobamos figura que non imos aceptar subvencións que non teñan o 100% de subvención. Como se entende esta situación?.

Responde o Sr. Alcalde que non sabe de onde sae esa información, xa que, a mesma é errada e este proxecto execútase no ano 2023 e solicitouse a finais do 2022 e principio do ano 2023 e era un plan de actuacións para evitar ás perdas da auga no que se contempla a instalación de contadores nas captacións e tamén para control do caudal, sectorización da rede para controlar o caudal e localizar perdas e melloras mediante telecontrol que sabemos en todo momento a cantidade de auga de cada depósito es os datos do mesmo.

Indica o Sr. García que escoitou que ía ser obrigatorio poñer contadores electrónicos en tódalas casas ao que o Sr. Alcalde indica que andan niso e que cómodo é pero o que pasa que é preciso aproveitar estas subvencións.

**PREGUNTA 5.** Aprobouse por decreto da alcaldía o Proxecto modificado de “Rehabilitación superficial de firme de calzada existente nos camiños: O Priorato-AC840, Raposeiras - Paizás, Casilla - Límite Boimorto y otros”. Cal é a modificación que se realizou no proxecto?

Responde o Sr. Alcalde que como moitos outros proxectos o proxecto foi informado desfavorablemente pola Deputación e neste caso porque os prezos da maquinaria non eran correctos, faltaba un documento no estudo de seguridade e saúde, no estudo de refugallos facíase referencia a unha norma derogada e porque había que eliminar do prego as cláusulas administrativas. A día de hoxe este proxecto está aprobado e a punto de licitarse.

**PREGUNTA 6.** Despois dunha comunicación da Oficina do Censo Electoral, a alcaldía resolveu fusionar as seccións 01 001 e 01 002 nunha nova sección 01 001. Que consecuencias trae esta resolución?

Responde o Sr. Alcalde que as seccións fusionáanse só é a efectos do Censo e as mesas electorais mantéñense as dúas nas súas respectivas sedes Vilasantar e Présaras.

**PREGUNTA 7.** Acabamos de pagar 2.041,61 euros en concepto de sanción por infracción tributaria en materia do canón da auga dos períodos de declaración do 1º, 2º e 3º cuatrimestre de 2019; 1º, 2º e 3º cuatrimestre de 2020; e 1º, 2º e 3º cuatrimestre de 2021. Cal é a razón de dita sanción?

Responde o Sr. Alcalde que as sancións tributarias da auga tócanlle a todo o mundo que levamos de xeito directo o servizo e os que o levan con empresas. Houbo unha inspección de augas de Galicia e houbo un expediente infractor e agora de sanción. Daquela non se declaraban nesa época os contadores nas captacións entón ese canón non a reflectiamos como tampouco reflectiamos o canon das instalacións municipais. Pero grazas a subvención do ano 2023 puidemos poñer os contadores.

**PREGUNTA 8.** Un ano despois da festa do bacallau en que estado se atopa o pago das facturas desta actividade? Pagouse a Orquestra, a electricidade, os outros grupos que actuaron ...?

Responde o Sr. Alcalde que algunha das facturas si que foron aboadas, os grupos que viñeron a parte da orquestra foron aboados, parte da electricidade foi aboada e a empresa dos xogos infantís foi aboada e queda por aboar a orquestra.

Levantase a sesión , sendo as 22:15 horas do que eu secretaria dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**